

**TOMÁS ARIAS FERNÁNDEZ** VITICULTOR E PROPIETARIO DA FIRMA PROENCIA DE SOBER

► Tomás Arias é viticultor a tempo completo dende que se xubilou, pero en realidade leva toda a vida traballando na ribeira de Amandi, polo que é unha testemuña viva do que cambiaron as cousas no sector e na denominación de orixe Ribeira Sacra nos últimos anos.

## «Traballo as viñas como aprendín de neno, coma se fixo sempre»

TEXTO: ANA RODIL  
FOTO: TOÑO PARGA

**TOMÁS ARIAS** Fernández (Sober, 1944) é un dos viticultores máis senlleiros da Ribeira Sacra. Non aprendeu o oficio nos libros, leva na viña dende os 14 anos da man da familia e soubo adaptarse aos tempos, montar unha adega (de nome Proencia) e responder ao rigor de traballar nunha denominación de orixe.

### Viticultor por vocación?

Eu en realidade sempre traballei na construcción, deiso vén o apodo de 'O ladrillero' que me puxeron no Marcelino —un bar de Sober—. Pero, na casa sempre houbo viña e toda a vida lles axudei a meu pai e meu avó a traballar, e cos anos fume liando.

### Meteuse case sen querer?

Algo de idea sempre me levou, pero todo veu se darme conta. Primeiro, compramos unha parcela, depois comezamos a replantar e ó pouco xa produciamos máis do que consumímos. Así que nos noventa empezamos os trámites e no 2000 rexistramos a adega e entramos na denominación.

### Proencia?

Efectivamente, Proencia porque somos de Sanxilao, que pertence á parroquia soberina de Proendos. Meu avó sempre lle chamou Proencia a Proendos, porque dicía que o seu verdadeiro nome era ese, entón escollémos Proencia para a adega. Meu avó a Sober nunca lle chamou Sober, sempre lle chamou Berea, porque era o seu verdadeiro nome. En realidade, o primeiro Sober é un pobo que se chama Sober o vello, tamén da parroquia de Proendos.

### Ademais hai simbolismo na etiqueta dos viños Proencia.

Representa uns petroglifos da papiroquia.

### Cal é a producción da adega?

Entre 17.000 e 18.000 litros anuais, todos de viñedo propio. Temos tres viñas en bancal de pedra na subzona de Amandi. O 80% da producción é de Proencia menziana xove e o resto de Proencia menziana barrica.

### Non hai Proencia branco?

Non. Cando compramos as viñas reconvertimos plantacións a menziana e agora, coa miña idade, comezar co branco non se me antoxa.

### Onde está o seu mercado?

En Galicia. Contamos con varios distribuidores para estar en tendas e restaurantes de toda a comarca.

**Antes fixo referencia á idade. Semblla que o relevo xeracional é o punto débil da Ribeira Sacra.**

Sí, iso está claro. Eu estou nisto por meu pai Tomás, agora ten 98 anos, e sempre foi o que mantivo isto. Pero, o certo é que hoxe non hai xente nova que queira traballar a ribeira, é un traballo duro. No seu caso hai relevo?

Tenho dúas fillas e tres netos. Os netos son novos e participan na

vendima e noutras labores cando se les precisa. Pero diso a falar de relevo, hai diferenza.

### Cal é o segredo dos seus viños?

Traballo a viña como me aprenderon o meu avó e o meu pai. Como se fixo toda a vida. Conto co apoio do enólogo Luis Buitrón, pero fago como se fixo sempre.

**Que é o más importante na elaboración do viño?**

O traballo na Adega. Na viña

ninguén traballa igual, cada un poda como sabe, como aprendeu e ninguén poda igual. Cada un coida as cepas dun xeito e as uvas medran todas, pero o más importante é o traballo na adega. Que o viño non se estropie, que non calla olores, que non saque sabor a corcho, que leve o tempo preciso de madeira...

### Cambiou moito ese traballo?

Totalmente. Nada que ver cos tempos nos que se recollía toda a uva que houbera, se mesturaban as variedades e se deixaba o viño á sorte. Sempre había xente á que se lle perdía a colleita.

**Vostede recorda cando a Ribeira Sacra apostou pola mercêia?**

Claro que recordo. Nós sempre tivemos moita cepa de mercêia pero nas viñas desta zona había sete ou oito variedades diferentes, mouratón, garnacha, albariño ou palomino. Ata recordo unhas que lle chamábamos directas que quedaba o vago pegado no ceo da boca cando as comías.

### Foi duro o cambio á mercêia?

No meu caso non, pero supoño que habería xente que non o entendía, que lle podía parecer de tolos arrincar as cepas para tirar con elas e pagar outras.

**Dicía antes que o traballo na adega cambiara moito. E na viña?**

É duro, pero xa houbo melloras.

### Por exemplo?

A primeira, as pistas para meter un tractor ou un coche ata a viña. Antes toda a uva se sacaba ao lombo e despois se levaba nas caballerías para a adega. Ter a auga na finca tamén foi importante, moi xente tén pequenos depósitos de manantiais das regueiras ou atomizadores que traen das casas. Antes para dar sulfato, tifian que ir diárias persoas, unha para dalo e outra para carretarle a auga. E tamén foron bos os raízes para subir as uvas polo medio da viña.

**Como valora a creación da denominación de orixe Ribeira Sacra?**

Moi positiva. Temos más controles e hai que adaptarse a unhas normas, que iso aos máis vellos, aos que levamos toda a vida facendo as cousas á nosa maneira, a veces pode resultarnos pesado. Pero, sen unha denominación esto estaría relegado ao consumo familiar e o abandono sería maior.

**Pensou algúns vez que os viños da Ribeira Sacra se venderían na China ou nos Estados Unidos?**


Pois non. Pero alérgome moioto e ogallá se vendería moioto máis.

### Experiencia

**II** O segredo dun viño para mí é o traballo na adega, hai que coidallo para que non se estropie e conservalo ben.

### Futuro

**II** Hoxe apenas hai xente nova que queira traballar a ribeira, é unha tarefa dura pero tamén houbo melloras».



Tomás Arias, na adega Proencia.

**A feira de Belesar reunirá os días 24 e 25 catro adegas e dez produtores de cereixa**

### O Saviñao

#### DELEGACIÓN

**MONFORTE.** Un total de catro adegas ponrán á venda cerca de 4.000 botellas de viño na novea edición da feira de Belesar (O Saviñao), que se celebrará os días 24 e 25 deste mes. As adegas que estarán no certame son Condado de Sequeiros, Muiros do Fortes, Adega Fontao e Terras Bendaña. Tamén haberá unha decena de coleiteiros de cereixas que contan con 3.000 kilos desta froita.

Os organizadores da feira traballan nos últimos detalles do programa. O sábado, ás 13.00 horas, o exsubdelegado do Goberno Xosé Vázquez Portomero inauguraría o certame. Nesa xornada, a música correrá a cargo da Banda Neón e dos Estoucaldeiros.

Para o domingo, están previstas as actuacións do grupo Val do Asma e a orquestra Atrevete. Tamén haberá un concurso de aturixos entre 'rabudos' e 'apeiros', os vecinos das dúas beiras do Miño.

**Un videoclip feito por chantadinos estarás nos festivais de cine de Cans e Vigo**

### Chantada

#### DELEGACIÓN

**CHANTADA.** Un videoclip do grupo de rock bravú Líviao de Marrao, producido por Chantada Films, dirixido por Alfredo Pardo e con dirección de fotografía de César Seijas, foi seleccionado para o XI Festival de Cans no Portiño e para o III Festival Primavera do Cine de Vigo.

'Narco-corrido ribeirao' é unha das cancións do disco 'Matanza eta Filhoak' de Líviao de Marrao. O tema é unha adaptación musicalizada feita polo grupo dun romance popular recollido polo antropólogo Xavier Viana sobre os sucesos históricos acontecidos na festa do Ervedeiro de 1931.

Para reflectir os incidentes no videoclip, foi preciso contar con distintas localizacións e rodar en exteriores e de noite. Tres días foron necesarios para completar a peza audiovisual, onde participaron máis de 50 persoas.

O festival de Cans será os días 24 e 25 deste mes e o de Vigo do 4 ao 8 de xuño.